



## Concello de Monterrei

---

### II CERTAME DE PINTURA E DEBUXO RÁPIDOS

#### Descrición

O día 11 de mayo de 2019, sábado, terá lugar no contorno da Acrópole de Monterrei o segundo certame de pintura rápida ao aire libre, que organiza o Concello de Monterrei. Este certame realízase no marco da colaboración coa Deputación de Ourense.

1) Premios. 925 €

Establecense os seguintes premios:

- Lenzo

- o Primeiro Premio: 400 €.
- o Segundo Premio: 200 €.
- o Terceiro Premio: 100 €.

- Debuxo Rápido

- o Primeiro Premio: 100 €.
- o Segundo Premio: 75 €.
- o Terceiro Premio: 50 €.

As obras premiadas pasarán a ser propiedade da organización, así como o dereito á súa reprodución, exposición ou calquera outro uso que desta desee facerse.

\*No momento da publicación destas bases a organización non descarta a inclusión doutros premios (Os premios estarán suxeitos á retención do IRPF que corresponda).

2) Participantes

- Poderán presentarse ao certame, artistas maiores de 16 anos, profesionais ou afeccionados/as, que presenten a súa solicitude dentro das datas habilitadas por estas bases.
- Admitirase unha obra por artista.

3) Técnica e temática

- O tema obrigado será o contorno paisaxístico e monumental da Acrópole de Monterrei, con distribución libre polo contorno dos pintores e espazo específico para os debuxantes.
- Os estilos e as técnicas para lenzo serán acrílico e óleo e para debuxo rápido, carbón ("*carboncillo*").

4) Soporte

---

**Concello de Monterrei**

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700



## Concello de Monterrei

---

A organización entregará a cada participante o soporte (lenzo ou papel) segundo a modalidade de participación.

Terá que ser lenzo sobre bastidor ou papel sobre taboleiro de madeira ou calquera outro soporte utilizable para a obra. A medida do lenzo, entregado pola organización, será de 65x50.

### 5) Inscripción e Información

A data de inscrición será dende a publicación destas bases ata o día 5 de maio. As inscricións efectuaranse na Oficina de Turismo de Monterrei, con enderezo no paseo das Damas, s/n (32618) Monterrei, con teléfono de información 988361360 ou vía email, cubrindo a ficha anexa a estas bases. Esta inscrición quedará validada unha vez que sexa entregada ou enviada por correo electrónico ao enderezo electrónico [turismomonterrei@gmail.com](mailto:turismomonterrei@gmail.com) achegando o ingreso do importe da inscrición que corresponda.

Establécese unha cota de inscrición, mediante o ingreso e posterior envío ou entrega do xustificante, onde para o certame de Pintura rápida será de 15,00 € e para o certame de Debuxo rápido de 5,00 €. A dita inscrición terá que realizarse con un ingreso no número de conta:

ES16 0182 6221 6902 0150 0560 indicando no concepto II Certame de Pintura o Debuxo Rápido@ Monterrei 2019.

### 6) Presentación e transcurso do Certame.

As persoas participantes presentaranse o sábado 11 de maio, a partir das 11.00 h e ata as 11.30 h, no punto de control instalado no hospital de peregrinos de Monterrei, para o selado dos soportes e a entrega da acreditación, para a posterior entrega da comida aos participantes no concurso de pintura en lenzo.

Os participantes deberán realizar a obra no contorno elixido, libre no caso dos participantes do concurso de pintura e acotado nos de debuxo. Poderán abandonar o lugar do certame deixando a obra sen rematar baixo custodia da organización, para retomar o seu traballo antes do remate do tempo establecido para facelo.

### 7) Entrega de obras e Ditame do xurado.

- Debuxo

Os participantes darán por finalizado o concurso ás 13.00 horas.

- Pintura

Os participantes darán por finalizado o concurso ás 18.00 horas. Prégase, para facilitar o ditame, que cada participante preste o seu soporte de lenzo para o momento da deliberación, devolvéndoselle ao rematar o ditame.

O xurado dará o resultado do ditame, tanto para o concurso de debuxo coma de pintura rápida, ás 19.00 h do mesmo día 11 de maio, no patio de armas do Castelo de Monterrei.

---

## Concello de Monterrei



## Concello de Monterrei

---

### 8) Xurado

O xurado estará composto por persoas cualificadas e profesionais do mundo da arte e a súa decisión será inapelable. O xurado poderá declarar deserto o premio se non se alcanza un mínimo de calidade nas obras ao seu criterio.

### 9) Obras

As obras presentaranse sen sinatura (O soporte entregado levará un código de inscrición que corresponderá a cada participante).

### 10) Data e lugar da exposición

A exposición de todas as obras participantes iniciárase no mes de xuño e ata o mes de setembro de 2019, en horario de funcionamento do hospital de peregrinos.

As persoas participantes interesadas establecerán un prezo de venda para as obras non premiadas, co obxecto de que poidan ser adquiridas polos visitantes.

### 11) Organización

A organización non se responsabiliza das perdas ou danos que pudiesen sufrir as obras, que estarán cuidadas e protexidas en todo momento.

A sinatura da solicitude de participación supón unha declaración do coñecemento das bases e o compromiso do seu cumprimento. A solicitude deberá acompañarse dunha fotocopia do DNI da persona solicitante.

Os datos e a información incluídos nas solicitudes serán tratados de conformidade co establecido na lexislación vixente en materia de protección e tratamento de datos personais (Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter personal, e a súa normativa de desenvolvemento).

### 12) Devolución das obras non premiadas:

As obras non premiadas poderán retirarse unha vez finalizada a exposición, sempre previa solicitude e concertando una cita no 988361360. Para isto, o/a creador/a mostrará unha identificación persoal e asinará a orden de retirada da obra a través de instancia. Os autores e autoras poderán delegar a recollida noutra persoa que deberá estar autorizada por escrito, e acompañar copia do DNI ou pasaporte da persoa que fixo a obra, e orixinal da persoa á que se autoriza para retirala.

No caso de non ser retiradas no prazo indicado, pasarán a ser propiedade do Concello de Monterrei, en aplicación do artigo 609 del Código Civil e preceptos concordantes, ao ter mediado título de adquisición, por aceptación das bases polas persoas participantes, e terse perfeccionado o modo a través da tradición ou entrega do ben polos autores/as.

### NOTAS:

- Se o 11 de maio non se puidese celebrar por causas meteorolóxicas, a

---

## Concello de Monterrei



## **Concello de Monterrei**

---

organización determinará outra data que será comunicada a todos os participantes mediante publicación da nova nos medios necesarios.

· A organización resérvase o dereito a modificar ou ampliar cualquera dos puntos destas bases, así como a resolver as circunstancias non contempladas que durante o transcurso da actividade ocorran.



## Concello de Monterrei

---

### ANEXO. FICHA DE INSCRICIÓN

Número de inscrición:

FICHA DE INSCRICIÓN.

Nome:

Apelidos:

DNI:

ENDEREZO:

CP: Poboación: Provincia:

Teléfono: e- mail:

MODALIDADE de CONCURSO: (Sinalar unha das 2 modalidades)

- DEBUXO RÁPIDO
- PINTURA

Sinatura\* e data: de de 201\_

\*(Se se fai a inscrición vía email asinarase o día do certame).

A participación neste certame implica a aceptación das súas bases.